

INSTRUCCIÓN XERENCIAL DO 5 DE MARZO DE 2014 POLA QUE SE ESTABELECE O PROCEDIMENTO DE COMUNICACIÓN DA MELLORA DAS CONDICIÓN ECONÓMICAS DE CONTRATOS FINANCIADOS MEDIANTE CONVOCATORIAS PÚBLICAS.

Distintas convocatorias de axudas públicas para a contratación de persoal en formación, predoutoral ou investigador (Ramón y Cajal, Persoal Técnico de Apoio, axudas predoutorais da Xunta de Galicia...) fixan un importe mínimo do contrato a materializar coas persoas que obteñan as axudas.

En moitos casos as propias convocatorias de axudas deixan aberta a posibilidade de que as institucións que acollen a este persoal mellore a dotación económica dos contratos, con cargo aos seus propios fondos. Así, por exemplo, a Orden do 2 de agosto de 2013 (DOG do 9 de agosto) pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral sinala no seu artigo 3: "Se a entidade beneficiaria formaliza un contrato que implique unha contía superior á estipulada para cada modalidade, deberá achegar a diferenza. A cantidade que achegue a institución poderá proceder dos seus orzamentos ou doutras axudas públicas ou privadas que reciba".

Dáse a circunstancia que nalgúns casos, os grupos de investigación nos que o persoal contratado vai desenvolver o seu labor contan con fondos dispoñibles para mellorar o importe dos contratos. Esta situación fai necesario que se conte cun procedemento que permita que a intención e posibilidade do grupo de investigación se materialice no contrato. Con este obxecto redáctanse estas instrucións de actuación para o complemento do custe dos contratos de persoal investigador financiado por medio de convocatorias públicas que permitan a mellora das condicións de contratación.

Procedemento a seguir:

1.- O grupo que pretenda mellorar as condicións económicas da contratación de persoal investigador deberá solicitalo á Vicerreitoría de Investigación, achegando coa petición de mellora, a identificación da cantidade que vai aportar e a partida orzamentaria, conxuntamente co RC de transferencia correspondente. O escrito deberá estar asinado polo IP do grupo con capacidade para dispoñer dos fondos.

O grupo só poderá dispoñer para estas melloras de fondos de libre disposición: por exemplo o dispoñible nos programas soporte ou figuras similares e para os que en todo caso non sexa precisa unha xustificación posterior ante terceiros.


2.- A Vicerreitoría de Investigación previamente ao seu visto bo, verificará a procedencia da mellora económica, dando traslado, de se-lo caso, do expediente á Xerencia.

3.- A Xerencia ditará as instrucións oportunas aos Servizos de PDI, PAS e Retribucións e Seguros Sociais para os efectos de facer efectiva a mellora.



Vigo, 5 de marzo de 2014
O Xerente

Manuel Fernández Jauregui



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
SERVIZO DE PDI
SERVIZO DE PAS
SERVIZO DE RETRIBUCIÓN E SEGUROS SOCIAIS
SRES/AS. ADMINISTRADORES/AS DE CENTROS, ÁMBITO E CAMPUS